



LIBRO DE EJERCICIOS PARA OS CURSOS DE ACREDITACIÓN EN BENESTAR DURANTE O TRANSPORTE DE ANIMAIS VIVOS





**LIBRO DE EJERCICIOS
PARA OS CURSOS DE ACREDITACIÓN EN BENESTAR
DURANTE O TRANSPORTE DE ANIMAIS VIVOS**

Edición revisada por pares

XUNTA DE GALICIA
Consellería do Medio Rural
Santiago de Compostela
2020

A utilización ou reprodución, parcial ou total, dos contidos deste libro necesitará da autorización dos autores e da Agacal, e deberá constar na bibliografía.

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería do Medio Rural. Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)

Lugar:

Santiago de Compostela

Coordinación:

Jesús Cantalapiedra Álvarez

Daniel Franco Ruiz

Marcio Vargas Ramella

María López Pedrouso

Mercedes Camiña García

Autores:

Jesús Cantalapiedra Álvarez. Xunta de Galicia. XUGA. España

Manuel Julio Meléndez Navarro. Xefatura de Tráfico. Garda Civil. España

Daniel Franco Ruiz. Centro Tecnolóxico da Carne. Ceteca. España

Elena Fernández Rodríguez. Universidade de Santiago de Compostela. USC

José Pedro Pinto Araújo. Instituto Politécnico de Viana do Castelo. IPVC. Portugal

Joaquim Lima Cerqueira. Instituto Politécnico de Viana do Castelo. IPVC. Portugal

Isabel Blanco Penedo. Universidade Sueca de Ciencias Agrarias. Suecia

Marta Elena Alonso de la Varga. Universidade de León. ULE. España

Mercedes Camiña García. Universidade de Santiago de Compostela. USC. España

Colaboracións:

José Manuel Lorenzo Rodríguez. Ceteca

Tercio Neto. MAPA - Brasil

Clínica CANTÓN

Asesoramento lingüístico:

Antonia Vega Prieto

Ilustracións:

Elisardo Barcala Dorado

DL:

C-1665-2020

Ano:

2020

SUPOSTOS PRÁCTICOS. REQUISITOS DE TRÁFICO	47
Uso do tacógrafo	48
Tempos de conducción e descanso	49
Certificado de Aptitude Profesional (CAP)	50
PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES SOBRE O TRANSPORTE DE ANIMAIS	51
CUESTIONARIO	55
CHECK-LIST	67
NORMATIVA APLICABLE	75
ABREVIATURAS DE INTERESE RELACIONADAS CO TRANSPORTE	77

Teño seis honestos serventes (eles ensináronme todo o que sei): os seus nomes son Que, Por que Cando, Como, Onde e Quen.”

Rudyard Kipling

Introdución

Este libro está deseñado principalmente para que os alumnos dos cursos de acreditación de competencia en benestar durante o transporte aprendan as nocións básicas necesarias para trasladar animais por estrada. Tamén está concibido para a formación dos veterinarios que traballan nas diferentes administracións públicas, estudantes universitarios de veterinaria e enxeñería agrícola, membros dos corpos de seguridade do Estado e alumnos de formación profesional agraria. Os contidos deste manual inclúen non só información e conceptos propios do BA durante o transporte senón tamén aspectos normativos relacionados coa identificación animal, sanidade, documentos de traslado, SANDACH, limpeza, desinfección e seguridade viaria en relación co vehículo e o condutor, de coñecemento necesario e indispensable para trasladar animais.

Pedagoxicamente baséase na idea que a mellor forma de aprender é involucrando o alumno no traballo en situacións reais que se vai atopar cando traslade animais.

Gustaríanos agradecer ás persoas e ás entidades que nos cederon o material para esta publicación, especialmente a Jesús Orejas, Elisardo Barcala, Ovica, Asporcel, Avimós, Ibader, Ageca, IAWG e a Somevesc brasileira, e lembrar dunha maneira especial a José Luis Puerta Villegas como impulsor e *alma mater* desta publicación.

Por último, recoméndase utilizar os manuais anteriormente publicados pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para resolver a maior parte dos exercicios e cuestións.



O respecto cara aos animais inclúe responsabilizarse do seu benestar

EXERCICIOS

1. Complete as seguintes definicións:

- ◆ Animal apto para o transporte:
- ◆ Animal de compañía:
- ◆ Animal doméstico:
- ◆ Animal vivo:
- ◆ ATEs:
- ◆ Autoridade competente (AC):
- ◆ Autorización tipo I:
- ◆ Autorización tipo II:
- ◆ Coidador:
- ◆ Contedor:
- ◆ Équidos non desbravados:
- ◆ Équidos rexistrados:
- ◆ Estrés:
- ◆ Lugar de destino:
- ◆ Lugar de saída:
- ◆ Medio de transporte:
- ◆ Organizador:
- ◆ Posuidor:
- ◆ Posto de control:
- ◆ REGA:
- ◆ REMO:
- ◆ Remolque:
- ◆ Semirremolque:
- ◆ Síndrome Xeral de Adaptación:
- ◆ Transporte:
- ◆ Transportista:
- ◆ Termoneutralidade:
- ◆ Vehículo:
- ◆ Viaxe:
- ◆ Viaxe longa:

2. Indique dos seguintes animais e situacións a cales se lles pode aplicar a normativa de transporte (Regulamento 1/2005 e RD 542/2016):

<input type="checkbox"/> Abellas en transhumancia	<input type="checkbox"/> Animais domésticos
<input type="checkbox"/> Peixes de piscifactoría	<input type="checkbox"/> Animais de compañía
<input type="checkbox"/> Coellos domésticos (de compañía)	<input type="checkbox"/> Animais de sangue frío
<input type="checkbox"/> Cabalos	<input type="checkbox"/> Animais feridos con destino a centros veterinarios
<input type="checkbox"/> Transportes sen carácter comercial	<input type="checkbox"/> Cans salvaxes
<input type="checkbox"/> Transportes de menos de 50 km	<input type="checkbox"/> Asnos
<input type="checkbox"/> Aves salvaxes/silvestres	<input type="checkbox"/> Touros de lida
<input type="checkbox"/> Aves domésticas	<input type="checkbox"/> Animais de experimentación
<input type="checkbox"/> Peixes ornamentais/acuario	<input type="checkbox"/> Moluscos de acuicultura
<input type="checkbox"/> Animais CITES	<input type="checkbox"/> Animais de zoolóxico

3. Cales dos seguintes motivos poden provocar estrés durante o transporte?

<input type="checkbox"/> Xaxún pouco prolongado (< 4 horas)	<input type="checkbox"/> Termoneutralidade
<input type="checkbox"/> Xaxún moi prolongado (> 4 horas)	<input type="checkbox"/> Restrición da auga
<input type="checkbox"/> Temperaturas extremas	<input type="checkbox"/> Duración excesiva do transporte
<input type="checkbox"/> Afacerse aos manexadores/ coidadores	<input type="checkbox"/> Brusquidades na conducción
<input type="checkbox"/> Carga	<input type="checkbox"/> Aparición de novas xerarquías sociais ao mesturar os animais
<input type="checkbox"/> Descarga	<input type="checkbox"/> Ruídos agudos/estridentes
<input type="checkbox"/> Suspensión axeitada do vehículo	<input type="checkbox"/> Densidade excesiva

4. Cite 5 condicións xerais do Regulamento 1/2005 que se deben cumprir en calquera tipo de viaxe con animais:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

5. Sinala as formas máis comúns que provocan nos animais a perda de calor durante o transporte:

<input type="checkbox"/> Condución	<input type="checkbox"/> Evaporación
<input type="checkbox"/> Radiación	<input type="checkbox"/> Indución
<input type="checkbox"/> Convección	<input type="checkbox"/> Dispersión

6. Dos seguintes animais, cales carecen de glándulas sudoríparas e polo tanto son máis propensos aos golpes de calor?:

<input type="checkbox"/> Cans	<input type="checkbox"/> Cabras
<input type="checkbox"/> Cabalos	<input type="checkbox"/> Ovellas
<input type="checkbox"/> Asnos	<input type="checkbox"/> Bovinos
<input type="checkbox"/> Aves de posta	<input type="checkbox"/> Coellos
<input type="checkbox"/> Visóns	<input type="checkbox"/> Gatos

7. Enumere 8 causas que poden causar estrés durante o transporte:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6
- 7
- 8

8. As aberturas laterais de ventilación nos vehículos sen ventilación mecánica recoméndase que teñan relación coa superficie lateral total polo menos dun:

- 20%
- 30%
- 40%
- 50%

9. Razoe nas seguintes fotografías, en función da especie (vacún, pequenos ruminantes, porcino, aves, coellos e équidos), as zonas máis sensibles e críticas con respecto á temperatura onde poderían aparecer máis problemas de estrés térmico e polo tanto de baixas no transporte.



10. Segundo a normativa que establece o réxime sancionador en protección/benestar animal (Lei 32/2007), clasifique o tipo de infracción e o rango da posible sanción leve (L), grave (G), moi grave(MG)]:

	L	G	MG
Abandonar un animal			
Incumprimento das obrigas sobre os animais que non provoquen lesións ou defectos graves			
Obstrución mínima da actividade inspectora da AC (autoridade competente)			
Maltrato animal			
Incumprimento das obrigas sobre os animais que provoquen lesións ou defectos graves permanentes			
Subministrar información falsa á AC			
Carecer de documentación			
Mutilacións non permitidas			
Reincidencia en infraccións leves			
Asañamento			

11. Indique cal é responsabilidade do transportista (T), condutor (C) e coidador (CO) en relación ao transporte de animais vivos:

	T	C	CO
Aplicar un regulamento interno nos centros de concentración			
Poñer o certificado de competencia á disposición da AC			
Cumprir as especificacións técnicas do "caderno de a bordo"			
Controlar os animais que chegan a lugares de tránsito ou destino			
Cumprir as especificacións técnicas sobre a aptitude dos animais na carga e descarga			
Controlar os usuarios (entradores autorizados) dos centros de concentración			
Levar a bordo un certificado de aprobación do medio de transporte			
Renovar cada 5 anos a autorización de transportista			

12. Con respecto ao rexistro de actividades do transportista. Sinala as respostas correctas:

- Unicamente será en soporte en papel
- Unicamente será en soporte informático
- É un arquivo para cada medio de transporte ou contedor
- Informa sobre cada movemento
- Está ordenado cronoloxicamente
- Conservarase como mínimo durante, polo menos, 3 anos
- Non é necesario levalo a bordo

13. En relación coa formación dos transportistas en Galicia indique que opcións son correctas:

- Deberá acreditarse documentalmente
- O certificado de competencia incluírá o número de identificación fiscal do transportista
- O certificado de competencia incluírá o pasaporte ou número de identificación fiscal da persoa física
- A autoridade competente (AC) poderá recoñecer como equivalentes outras titulacións ou cualificacións
- O recoñecemento da competencia terá efecto en todo o territorio nacional
- O certificado de competencia é valido indefinidamente

14. Respecto ao certificado de competencia para os condutores e coidadores dos vehículos, sinala das seguintes afirmacións cales son verdadeiras (V) ou falsas(F):

	V	F
Estará redactada nas linguas oficiais do Estado membro da UE do condutor e en francés		
Estará redactada nas linguas oficiais do Estado membro da UE do condutor e en inglés		
Estará redactada nas linguas oficiais do Estado membro da UE do condutor e en español		
Ten un modelo único segundo o Regulamento 1/2005		
Pode limitarse a determinadas especies		
Estará expedido pola AC ou calquera organización autorizada por esta		

15. Sinala as respostas correctas. Os documentos sanitarios de traslado dos animais durante a viaxe:

- Deberán estar á disposición da AC
- Deberán estar á disposición dos corpos de seguridade do Estado
- Poderán ser copias compulsadas dos orixinais
- Teñen validez de 2 anos

16. Que posibles medidas se poden exercer en caso de incumprimentos graves durante o transporte?:

- Reter unha partida de gando durante o transporte en calquera circunstancia
- Reter unha partida de gando durante o transporte unicamente por necesidades do BA ou de seguridade pública.
- A reparación temporal/provisional do medio de transporte
- A transferencia total ou parcial dos animais a outros medios de transporte
- Utilizar o itinerario máis directo cara ao punto de destino ou de orixe
- A descarga e aloxamento dos animais en instalacións apropiadas
- Se procede, o sacrificio do/s animal/ais por métodos non cruentos
- Cambiar de coidador
- Cambiar de condutor
- Transferencia de todos os animais a outro lugar de transporte
- Descarga dos animais
- Aceptar a decisión da Garda Civil

17. A autoridade competente (AC) tomará as accións que considere oportunas (descarga, subministración de alimentos, etc.) se a partida dos animais se atrasa máis de:

<input type="checkbox"/> 1 hora	<input type="checkbox"/> 2 horas	<input type="checkbox"/> 3 horas	<input type="checkbox"/> 4 horas
---------------------------------	----------------------------------	----------------------------------	----------------------------------

18. Indique que animais se consideran aptos (A) ou non aptos (NA) para o transporte e as posibles excepcións (E) ou situacións especiais, p. ex. só aptos para < 100 km, que se consideran a nivel normativo:

	A	NA	E
Beceros co embigo sen cicatrizar (ex. becerros de 5 días)			
Animais con feridas graves abertas ou prolapsos			
Beceros menores de 10 días			
Animais con lesións ou enfermidades leves. En caso de dúbida, con asesoramento veterinario			
Femias acabadas de parir (<1 semana)			
Neonatos de équidos rexistrados acompañados das súas nais			
Leitóns menores de 3 semanas			
Femias preñadas próximas ao parto (>90% xestación)			
Animais empacados para a experimentación			
Animais acabados de nacer (embigo sen cicatrizar)			
Cans ou gatos menores de 8 semanas (se non van acompañados da nai)			
Cérvidos en fase de muda da cornamenta			
Animais tras un tratamento ou diagnóstico baixo supervisión veterinaria			
Años de menos de 1 semana			
Animais incapaces de moverse por si sos ou de desprazarse sen axuda			
Beceros de menos de 14 días para viaxes longas			

19. Das seguintes fotografías clasifique e analice as características xerais e de deseño dos seguintes medios de transporte con respecto a proteccións laterais, altura, características da lona, iluminación, ventilación, tipo de animais que se van transportar, tipo de viaxe, etc.







20. En que caso é conveniente que se manipulen e transporten separadamente os animais:

- Cando se despracen especies diferentes (ex. bovinos e équidos)
- Cando teñan tamaños ou idades moi diferentes
- Se se desprazan verróns reprodutores adultos e cabalos sementais
- Cando se despracen razas diferentes de especies iguais
- Se se desprazan machos e femias sexualmente maduros
- Cando se despracen animais con e sen cornos ou animais hostís entre si
- Se se desprazan animais atados e non atados

21. Indique se son correctos os seguintes sinais de transporte e especifique o lugar onde os colocaría:



22. Cando sexa necesario atar os animais, as cordas, ramais ou outros medios utilizados para suxeitalos deberán:

- Ser o suficientemente resistentes para non romper
- Permitirlles que poidan deitarse
- Permitirlles que poidan beber e alimentarse
- Evitar todo risco de estrangulación e lesión
- Impedir que os animais poidan soltarse rapidamente
- Ser de doada limpeza e desinfección

23. Comente nas seguintes fotografías as posibles deficiencias na carga e descarga







--



--




--

24. Indique que prácticas están prohibidas (PR) e permitidas (PE) durante o desprazamento con animais:

	PR	PE
Golpealos ou darlles patadas		
Aplicarlles presión nos puntos especialmente sensibles do corpo		
Manipulalos de modo que se lles cause dor ou sufrimento		
Atar os animais polos cornos, a cornamenta, as argolas nasais ou coas patas xuntas		
Utilizar pinchos ou outros instrumentos afiados		
Obstaculizar voluntariamente o paso a un animal		
Utilizar aparellos que lles administren descargas eléctricas		
Se non están afeitos a estar atados, irán sen atar		
Os animais teranse que poder abeberar		
Colgalos por medios mecánicos		
Levantalos ou arrastralos pola cabeza, as orellas, os cornos, as patas, o rabo ou o pelo		
Poñerlles bozo aos becerros		
Se son équidos domésticos maiores de oito meses, deberán utilizar un cabestro durante o transporte, incluíndo os cabalos non desbravados		

25. **Relacione os graos das ramplas de carga e descarga da seguinte imaxe en función da idade e especie (vacún, porcino, ovino, caprino, équidos, etc.). En que ramplas serían necesarias as barreiras de protección lateral?**



26. **Complete no seguinte cadro os intervalos de viaxe/descanso e necesidades de auga e comida en función da especie e idade:**

TIPO DE ANIMAL (por especie e idade)	INTERVALOS VIAXE/ DESCANSO	OBSERVACIÓNS
Beceros, años, cabritos, poldros e leitóns		
Porcos adultos		
Équidos domésticos adultos		
Vacas, ovellas e cabras		
Aves e coellos		
Polos de 1 día		
Cans e gatos		
Resto de especies		

27. **Sinale 5 posibles incidencias que poden aparecer durante o transporte e como se poderían solucionar en cada caso. Razoe a resposta:**

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

28. **En caso de accidente ou incidente durante o transporte con animais con respecto á seguridade viaria e ao sacrificio de urxencia, que faría vostede en relación con:**

- ◆ O procedemento:
- ◆ O chaleco:
- ◆ O vehículo:
- ◆ Os triángulos:
- ◆ Os intermitentes:
- ◆ As luces de posición:
- ◆ Os animais:
- ◆ O condutor:

29. O procedemento no caso de accidente por estrada coñecido como PAS indica:

- ◆ P:
- ◆ A:
- ◆ S:

30. Das seguintes situacións, cando sería recomendable proceder á eutanasia dos animais? Sinala as respostas correctas:

- Fractura incurable con inmovilidade
- Dores esaxeradas
- Parálise total
- Parálise parcial
- Enfermidade leve
- Rotura de cornos en bovinos
- Enfermidades infecciosas con grave risco de contaxio

31. En función da especie, recomende 3 métodos de sacrificio de urxencia e explique como e quen pode realizalo:

	Método1	Método2	Método3	Observacións
Vacún				
Ovino e caprino				
Équidos				
Aves				
Coellos				
Porcos				
Cérvidos				
Peixes				

32. Seleccione os organismos aos que habería que chamar en caso de emerxencia durante o transporte:

<input type="checkbox"/> Garda Civil	<input type="checkbox"/> Urxencias/112	<input type="checkbox"/> Protección civil	<input type="checkbox"/> Servizos veterinarios	<input type="checkbox"/> 012
--------------------------------------	--	---	--	------------------------------

33. Ordene os diferentes pasos, do 1 ao 5, do seguinte diagrama de fluxo no caso de ter que aplicar coidados de emerxencia a animais feridos:

- Coidados e primeiros auxilios
- Valoración da situación
- Achegamento e observación dos animais
- Eutanasia
- Asistencia veterinaria

34. Que recomendacións aplicarías para minimizar o impacto da conducción sobre o BA. Sinala as respostas correctas

- Controlar a velocidade
- Acostumar os animais a viaxar
- Comprobar o bo estado do vehículo (ramplas, bebedoiros, lonas, etc.)
- Comprobar periodicamente o estado do vehículo e dos animais
- Virar bruscamente
- Elixir as estradas sen ter en conta o seu estado
- Mirar a previsión do tempo
- Utilizar un GPS navegador

35. Cite o tempo máximo de conducción ininterrompida autorizada diario e semanal segundo a normativa europea para os condutores profesionais:

- ♦ Diario:
- ♦ Semanal:

36. Con respecto aos efectos máis comúns que sobre os animais provoca o movemento durante o transporte, indique como os evitaría:

- ♦ Estrés:
- ♦ Golpe de calor :
- ♦ Golpe de frío :
- ♦ Pelexas:
- ♦ Pisaduras:
- ♦ Asfixia:
- ♦ Fallo cardíaco :
- ♦ Lesións :
- ♦ Contusións :
- ♦ Traumatismos:

37. Cal é a velocidade máxima permitida dun vehículo que transporte animais vivos por autovía en España:

<input type="checkbox"/> 90 km	<input type="checkbox"/> 100 km	<input type="checkbox"/> 80 km	<input type="checkbox"/> 120 km
--------------------------------	---------------------------------	--------------------------------	---------------------------------

38. Indique con verdadeiro (V) ou falso (F) que documentos deben acompañar os animais durante o seu transporte:

	V	F
Autorización do transportista (orixinal ou compulsa) (ATES)		
Autorización do medio de transporte		
Documentación que acredite a orixe e titular dos animais		
Documentación que acredite o lugar, data e hora de saída		
Documentación que acredite o lugar de destino e hora de chegada		
Documentación sanitaria		
Documento do movemento (REMO)		
Caderno de a bordo en viaxes curtas		
Rexistro de mortalidade dos animais terrestres		

39. Cite 8 datos que deben incluírse no certificado de limpeza e desinfección dos vehículos na estrada:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6
- 7
- 8

40. Son condicións especiais nas viaxes de longa duración que o vehículo teña... Indique as respostas correctas:

- Teito de cor escura
- Cama absorbente de cinza
- Alimento e auga insuficiente
- Separadores para crear compartimentos
- Sistema de ventilación
- Sistema de navegación
- Ter un OBU no vehículo
- Descansar cada 4,30 horas de conducción

41. Marque as respostas correctas sobre as disposicións complementarias para as viaxes longas de équidos domésticos e animais domésticos das especies bovina, ovina, caprina e porcina:

- Os équidos domésticos deberán ter máis de catro meses
- Os équidos rexistrados poden viaxar sempre
- As crías de calquera especie poden viaxar sempre que vaian acompañadas das súas nais
- Os becerros deberán ter máis de catorce días
- Os porcos deberán pesar máis de 10 quilos
- Os cabalos sen desbravar non se transportarán en viaxes longas
- Os poldriños e poldros terán suficiente espazo para poder deitarse

42. Asigne no debuxo a numeración aos seguintes aparellos: sensor de temperatura, OBU, a interface do usuario, sensor de acoplamento da cabina e sensor da porta descarga.



43. Razoe como actuaría en función das seguintes continxencias nunha parada:

- ◆ Accidente na estrada:
- ◆ Avaría no vehículo:
- ◆ Enfermidade ou indisposición do condutor:
- ◆ Fuga de animais accidental ou por sabotaxe nunha parada:
- ◆ Impedimento da viaxe: corte de vías públicas, folga de gasolineras, manifestacións, etc.:
- ◆ Inmobilización do vehículo por incumprimentos da Lei de transportes, etc.:
- ◆ Caducidade da documentación da autorización do transportista:
- ◆ Animais feridos, enfermos ou moribundos:

44. Cite 6 medidas preventivas que eviten a difusión e introdución de enfermidades de declaración obrigatoria durante o transporte con animais:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6

45. Con respecto ás repercusións do transporte sobre a calidade do canal, indique se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións. Os hematomas e as contusións do canal:

	V	F
Son resultado xeralmente de traumatismos		
Aumentan a vida útil da carne		
Aumentan a propensión ás contaminacións bacterianas		
Relaciónanse coa rotura dos vasos sanguíneos		
Danse principalmente na área da cabeza		

46. A carne PSE indica:

P:	S:	E:
----	----	----

47. A carne DFD indica:

D:	F:	D:
----	----	----

48. Síñale se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións. A carne DFD:

	V	F
Prodúcese polo estrés crónico		
É típica do gando porcino		
É debida ao aumento das reservas de glicóxeno		
Aumenta o pH da carne		

49. Con respecto ás repercusións do transporte sobre a calidade do canal, síñale se son verdadeiras (V) ou falsas (F) estas afirmacións. A carne PSE:

	V	F
É típica do gando bovino		
É debido entre outras causas ao estrés agudo producido durante o transporte		
Baixa o pH da carne		
A carne exsuda abundantemente		


50. Seleccione no debuxo deste canal de vacún as zonas que xeralmente están máis afectadas por lesións producidas durante o transporte.



51. Complete as seguintes definicións:

- ◆ Zona de fuga :
- ◆ Punta de balance:

52. En función destas imaxes, sinala de que forma se aproximaría e como movería este animal cara a adiante.



53. Cite 6 equipos que se poidan utilizar para desprazar os animais e as especies recomendadas para o seu posible uso:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6

54. Que afirmacións sobre o manexo dos animais son verdadeiras (V) ou falsas(F)

	V	F
Os operarios deben de traballar con seguridade, con precaución e sen presións		
Hai que evitar un manexo agresivo		
Débense amarear os animais para calmalos		
É conveniente evitar ruídos, berros, sons agudos, sombras, reflexos, etc.		
É conveniente non apurar os animais		
Débese de evitar o uso da pica eléctrica, etc.		
É moi práctico encerrar os animais		
É conveniente acostumar o gando á presenza humana		
Hai que impoñer a presenza humana fisicamente de forma brusca		
Non é práctico revisar as instalacións periodicamente		
Hai que apertar ou amontoar os animais		
Os operarios deben achegarse ao animal polo rabo		
Débese de respectar a zona de fuga e obviar o punto de balance		
Mover o gando ao paso en función das instalacións		
Hai que separar os animais poñéndooos por categorías mesturando lotes		
Hai que traballar con seguridade		

55. Enumere os principios do BA do proxecto de investigación Welfare Quality:

- 1
- 2
- 3
- 4

56. Cales son as 5 liberdades da FAWC:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

57. Cite a forma de identificación e todos os documentos de acompañamento necesarios para cada especie durante o transporte (sanitarios, etc.):

- ◆ Bovinos:
- ◆ Pequenos ruminantes:
- ◆ Porcino:
- ◆ Équidos:
- ◆ Aves:
- ◆ Coellos:
- ◆ Apicultura:
- ◆ Animais de compañía:
- ◆ Animais domésticos:
- ◆ Animais de circo:
- ◆ Animais CITES:
- ◆ Animais de experimentación:

58. Clasifique estes documentos en función da viaxe/traslado que se realice (países de fóra da UE, países da UE, outras CC. AA. ou dentro da comunidade galega), as súas características e quen os pode cubrir:

1. DVCE
2. TRACES-INTRA
3. Documentos de traslado de gandeiros
4. Certificado de exportación a terceiros países
5. Autoguías
6. Guías da Oficina Virtual (OAV)
7. Documentos de identificación equina (DIE)
8. GOSP
9. Follas de saneamento
10. Conduce
11. Caderno de explotación apícola e de transhumancia

59. Respecto ao caderno de a bordo ou folla de ruta indique que afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

	V	F
É un documento obrigatorio para aqueles transportes de longa duración (>8 horas)		
É válido para as especies bovina, ovina, caprina, porcina ou equina (salvo os équidos rexistrados)		
O documento consta de 5 seccións		
A sección 1 é a planificación		
A sección 2 é o lugar de saída		
A declaración do transportista asínaa o transportista e/ou os condutores/coidores		
Non é necesario no caso que o vehículo teña sistema de navegación		

60. Que datos poderían solicitar a Policía Autónoma ou a Garda Civil se nos parasen nun control de estrada transportando animais:

<input type="checkbox"/> Libro de rexistro de movementos	<input type="checkbox"/> Sinal de animais vivos
<input type="checkbox"/> Certificado de limpeza e desinfección	<input type="checkbox"/> Documentos de identificación animal
<input type="checkbox"/> Certificado de competencia en BA	<input type="checkbox"/> Documentación sanitaria

61. Cite 5 puntos críticos que cómpre ter en conta nas operacións de carga e descarga:

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

62. Debuxe e analice o seu vehículo/remolque mediante o check-list e busque as posibles deficiencias. Razoe como as solucionarí:

63. Indique 6 documentos que deban levar consigo todos os transportes de animais vertebrados vivos

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6

64. Os operadores de portos e aeroportos deberán contar con:

- Persoal con suficiente formación
- Locais e instalacións axeitados
- Plans de continxencia pero non de LD
- No caso dos aeroportos, cumprir coas normas da IATA (...)

Supostos prácticos

TRANSPORTE DE VACÚN 1

Trasládanse 40 becerros do mercado de Santiago de Compostela a un cebadeiro de Lérida (2 deles con menos de 10 días, 4 maiores de 10 días pero co embigo sen cicatrizar, 4 con diarrea severa e os outros 2 sóbense ao camiión arrastrándoos). O vehículo conta cun condutor pero sen coidador. O condutor e o vehículo teñen a documentación hai máis de 5 anos, leva a copia e non os orixinais por medo a perdelos. O vehículo é do ano 2007 e ten sistema de navegación. Carga os animais con pica eléctrica. A rampla de carga do vehículo é de máis do 26% de inclinación. En metade do traxecto o camiión para, e ao non poder reparalo nun tempo prudencial, baixa os becerros, os cales ata e traba ao camiión ata que consiga outro transporte. Os animais póñense nerviosos antes de baixalos e falece un deles e outro rompe unha pata, e decídese sacrificalo. Ao chegar o mecánico coméntalle que o vehículo non se pode arranxar en 4 horas. Aparece a Garda Civil de tráfico e pídelles a documentación ao transportista.

1. De forma xeral, que normativa habería que aplicar nesta viaxe?
2. Que animais se poden transportar e cales non, e por que?
3. Como clasificaría esta viaxe e que condicións normativas teñen que cumprir o condutor e o vehículo?
4. Que identificación necesitan os animais neste traslado?
5. Cal é o procedemento estándar en caso de avaría ou incidencias durante o transporte?
6. Enumere a documentación que necesita o transportista e se é correcta.
7. Segundo as características do vehículo e do transporte, que condicións debe ter o vehículo (ramplas, piso, etc.)?
8. É correcto o manexo dos animais?
9. Que opcións ten unha vez que o vehículo non se poida mover en máis de 4 horas?
10. Que se fai co cadáver do becerro morto (SANDACH), como se xestiona a súa recollida? Indique os métodos posibles de sacrificio do becerro coa pata rota en función do destino do canal.
11. Habería que avisar aínda o veterinario para sacrificar o becerro ferido?
12. Enumere e clasifique as infraccións que se cometeron durante esta viaxe.
13. O código ATES 11320000123 do transportista que indica?

Código ATES

(número de identificación e rexistro de transportistas):

AT: Autorización Transportista

ES: Identifica España

11 díxitos

Exemplo dun transportista de Ourense



(*) Normalmente os 4 primeiros díxitos identifican a C. A. e a provincia, agás que o transportista cambiase o domicilio social

TRANSPORTE DE VACÚN 2

Un transportista autorizado que pertence a Agega transporta de 3 explotacións diferentes, 6 vacas, 3 becerros e un xato, respectivamente, á feira de Silleda o mesmo día. Ao descargar o gando dase de conta que a un animal aínda lle falta unha marca auricular e a outro as dúas e que unha das vacas está deitada e non se pode levantar.

1. Que normativa habería que aplicar nesta viaxe?
2. É correcto este traslado ao recoller animais de 3 explotacións diferentes?
3. Que se debe facer cos animais na feira/mercado con deficiencias na súa identificación?
4. Que se debe facer co animal que non se pode levantar polos seus propios medios?
5. En caso de decidir o sacrificio deste animal e querer destinar o canal ao consumo humano, que requisitos habería que cumprir?
6. Necesítase guía para este traslado?
7. Poderíase transportar outras especies na mesma viaxe, ademais das vacas e os becerros?
8. Se os servizos veterinarios da feira lle fixesen unha inspección, poderíanlle esixir ao operador comercial que tivese cuberto o libro de trato?
9. Se o transportista quixese renovar a súa autorización, que documentos debería presentar aos servizos veterinarios oficiais?
10. Realice este caso para outras especies.



TRANSPORTE DE PORCINO 1

Temos que realizar un transporte de futuros reprodutores de 75 kg desde unha explotación de Alemaña ata outra situada en Galicia. Calculamos unha viaxe dunhas 24 h se conducísemos sen parar. Dispoñemos dun camión habilitado para 4 pisos e cunha superficie útil de carga de 30 m² por piso. Temos 2 condutores.

1. Cantos animais podemos transportar?
2. Como deben de ir identificados os animais?
3. Que planificación debemos de facer da viaxe? Especificar tempos de parada e descanso.
4. Especificar toda a documentación que debemos levar a bordo para un transportista español.
5. Variaría algo a resposta anterior se se tratase dun transportista belga?
6. Tendo en conta que hai machos e femias e proceden de distintas explotacións, que deberíamos facer para optimizar o benestar animal?
7. Que medidas serían aconsellables para preparar os animais para esta viaxe?
8. Especificar se os seguintes animais serían ou non aptos para este transporte:
 - a. Unha femia preñada de 1 mes de xestación
 - b. Un animal cunha ferida no pezuño que lle impide apoiar a extremidade aínda que pode desprazarse cos outros tres
 - c. Un animal con rabuños sanguentos no lombo
 - d. Un animal cun prolapso rectal



TRANSPORTE DE PORCINO 2

Un particular de Caldas de Reis (Pontevedra) ao que lle regalaron un macho e unha femia de porcos vietnamitas, por falta de espazo desexa vender as crías dos devanditos porcos. Por internet ponse en contacto cun particular de Valencia. Ambos os dous carecen do REGA e pensa enviar un dos leitóns por un servizo de paquetería. Esta empresa non ten moi claro se é posible e legal o traslado deste animal.

1. Que normativa habería que aplicar para este desprazamento?
2. Como se considera o leitón de porco vietnamita (animal de compañía, doméstico, de produción, etc.)? Conteste esta pregunta para todos os supostos.
3. Que requisitos documentais se necesitan para transportalos (documentación, identificación, etc.)?
4. Que identificación necesitan os animais?
5. Que controis sanitarios se lle poden esixir para realizar a viaxe?
6. Se fose un traslado de porcos de produción, que controis necesitarían? Sería posible esta viaxe?
7. Cambiarían os requisitos do transporte se é un agasallo sen venda, e polo tanto non existise actividade comercial?
8. Se durante o traslado o porco morre por un golpe de calor, quen se fai responsable do cadáver?
9. Necesitarían REGA ambos os dous (vendedor e comprador)?



TRANSPORTE DE CABALOS

Un particular que non é titular da explotación, xa que ten os seus cabalos nun centro hípico, desexa autorizar o seu remolque para asistir a competicións tanto en toda España coma no estranxeiro.

1. Pode ser titular dos équidos e telos noutra explotación que non sexa a súa?
2. Pode deixar o seu remolque a familiares e amigos?
3. Pode utilizar máis de un vehículo propio ou de terceiros para levar o remolque?
4. Se viaxa a Francia para competir, necesita o CAB?
5. Necesita autorizar o remolque?
6. De non necesitar autorizar o remolque, que condicións ten que cumprir o transportista?
7. En caso de ter que autorizar o remolque, onde e como debería facelo e que documentos necesitaría?
8. Se leva unha egua e a súa cría sen identificar, que condicións necesitaría o devandito transporte?
9. Necesita obter o certificado de competencia?
10. Pode utilizar o remolque para outras actividades que non sexan as de transporte de animais?
11. Como a egua é vella propóñenlle sacrificala para consumo humano pero non ten claro se o pode facer, xa que o animal ten un DIE ou pasaporte duplicado. Podería sacrificarse con ese documento?



TRANSPORTE DE POLIÑOS

Transpórtase un lote de 10.000 poliños desde a incubadora á granxa onde se cebarán. A viaxe ten unha duración total de 20 h entre o lugar de carga en Francia e o destino en Galicia (transporte internacional sen paradas con transbordo).

1. A documentación di textualmente “Poliños de un día” pero se revisamos a idade podemos comprobar que no momento da chegada teñen 48 h reais de vida. É correcto? Razona a resposta.
2. O transporte realízase en contedores de cartón de 45x50 cm onde se colocan 100 poliños. É unha densidade correcta?
3. A viaxe realízase de acordo co itinerario previsto, pero na fronteira transbórdanse os contedores entre o camión francés que os trouxo desde a orixe ata un camión español que os levará ao seu destino. Os poliños non reciben auga nin alimento durante todo o traxecto. Respectouse a normativa e en concreto os intervalos legais de pausa-viaxe?
4. Respectouse a normativa respecto á subministración de auga e alimentación?
5. Tras facer o reconto na granxa de destino, contabilízanse un total de 150 baixas. Cal é a taxa de mortalidade? Cometeuse algunha infracción? Razona a resposta.



TRANSPORTE DE OVELLAS

Nun traslado de ovellas desde a comarca veterinaria de Lugo (área de Lugo) á feira de Guitiriz (área de Vilalba) a Policía Autonómica solicita o certificado de limpeza e desinfección do remolque onde se trasladan estes animais e o certificado de competencia ao condutor. O propietario dos animais coméntalles aos axentes que a súa explotación está clasificada como de autoconsumo e que non necesita ningún destes documentos.

1. É correcta a afirmación do gandeiro?
2. É necesario para este transporte o certificado de limpeza e desinfección e o certificado de competencia?
3. Que identificación debería acompañar os animais?
4. Habería diferenzas no transporte en función da clasificación zootécnica da explotación?
5. Que requisitos se deberían cumprir se o transporte fose dentro da área veterinaria e que ocorrería se o traslado fose dende o matadoiro en lugar dunha feira?
6. Existirían requisitos diferentes durante a viaxe se se transportasen cabras, becerros, poldros ou porcos?
7. Que pasaría se o traslado o realizase un carniceiro ou tratante se o percorrido non tivese máis de 50 km?



REXISTRO DE TRANSPORTISTAS

Un gandeiro titular dunha explotación de gando bovino en Carral (A Coruña) desexa autorizar o seu remolque de PMA 2.000 kg para o transporte de animais vivos. A súa idea é ademais transportar outras especies de animais (porcino, ovino, aves...), e non só os da súa propiedade senón tamén os dos seus veciños.

1. Que normativa se lle debe aplicar?
2. Que documentos necesita para rexistrarse?
3. A que oficinas debe dirixirse?
4. Para que especies e tipos de transporte pode obter autorización?
5. Existe algún tipo de transporte que poida realizar sen autorización expresa?
6. Pode cobrar aos seus veciños por transportarlles os animais?
7. Ademais da documentación da Consellería do Medio Rural, precisa algún tipo de xestión como transportista de mercadorías?
8. Debe usar tacógrafo?
9. Que documentación sanitaria e de identificación necesitan os animais da especie vacúa?
10. Pode transportar, ao mesmo tempo, animais de distintas especies?
11. Se non fose persoa física e fose persoa xurídica, necesitaría algún requisito a maiores?
12. Se o remolque o comprase cun familiar, podería rexistralo a nome de ambos os dous?

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCESAMENTO: REGISTRO DE TRANSPORTISTAS, MEDIOS DE TRANSPORTE Y CONTENEDORES DE ANIMALES VIVOS

CÓDIGO DEL PROCESAMENTO: MR504A

DOCUMENTO: SOLICITUD

DATOS DE LA PERSONA SOLICITANTE

NOMBRE/RAZÓN SOCIAL: _____ PRIMER APELLIDO: _____ SEGUNDO APELLIDO: _____ NIF: _____

TIPO: _____ NOMBRE DE LA VÍA: _____ NUM: _____ BLOQ: _____ PISO: _____ PUERTA: _____

PARROQUIA: _____ LUGAR: _____

CÓDIGO POSTAL: _____ PROVINCIA: _____ AYUNTAMIENTO: _____ LOCALIDAD: _____

TELÉFONO: _____ FAX: _____ TELÉFONO MÓVIL: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

Y, EN SU REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse la representación fehaciente por cualquier medio válido en derecho)

NOMBRE/RAZÓN SOCIAL: _____ PRIMER APELLIDO: _____ SEGUNDO APELLIDO: _____ NIF: _____

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persona o entidad solicitante Persona o entidad representante

Se enviarán avisos de la puesta a disposición de la notificación al correo electrónico y/o teléfono móvil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓVIL: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

ELECCIÓN DEL MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

Las personas obligadas a relacionarse a través de medios electrónicos con la administración deberán optar, en todo caso, por la notificación por medios electrónicos sin que sea válida para ellas, ni produce efecto, una opción diferente:

Electrónica a través del Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.santa.gal>. Solo se podrá acceder a la notificación con el certificado electrónico asociado al NIF de la persona indicada.

Postal (cobrir la dirección postal solo si es distinta de la indicada anteriormente)

Las notificaciones que se practiquen en papel estarán también a disposición de la persona indicada anteriormente en el Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que pueda acceder a su contenido de forma voluntaria.

TIPO: _____ NOMBRE DE LA VÍA: _____ NUM: _____ BLOQ: _____ PISO: _____ PUERTA: _____

PARROQUIA: _____ LUGAR: _____

CÓDIGO POSTAL: _____ PROVINCIA: _____ AYUNTAMIENTO: _____ LOCALIDAD: _____

TIPO DE SOLICITUD

Alta Renovación Baja

TIPO DE TRANSPORTE

Carretera Ferrocarril Aéreo Marítimo/Fluvial

ESPECIES A TRANSPORTAR

Bovino Ovinos/Caprino Porcino Equino Aves Cunicultura Acuicultura Apicultura

Perros de esta raza/particular Otras: _____

© 2014 XUNTA DE GALICIA. Toda información sobre Galicia puede encontrarse en www.xunta.gal

TRANSPORTE INFERIOR/SUPERIOR A 65 km

Temos unha pequena explotación de gando vacún a 20 km de Santiago de Compostela e queremos transportar uns becerros para vendelos na Feira de Amio. Dispoñemos dun tractor e un pequeno remolque propio das tarefas agrícolas pero sen acondicionar nin autorizar especificamente para o transporte de animais.

1. É posible realizar este transporte sen máis ou precisamos dalgunha autorización ou rexistro oficial?
2. Que documentación sanitaria e de identificación necesitan os animais?
3. Sinalar os aspectos que debemos ter en conta respecto a este tipo de transporte que poidan repercutir no benestar animal.
4. Que animais se consideran aptos para este transporte:
 - a. Becerro de 5 días pero co embigo cicatrizado
 - b. Becerro de 10 días pero co embigo sen cicatrizar
5. Se fose unha viaxe de polo menos de 50 km, faría falla algún tipo de requisito a maiores?
6. Se este desprazamento fose a unha explotación vinculada á primeira explotación situada a máis de 65 km, cambiarían os requisitos esixibles?
7. Conteste as mesmas preguntas para un traslado doutras especies (equinos, porcinos, pequenos ruminantes e aves).
8. Se necesitásemos transportar un animal de forma individual, serían necesarios os mesmos requisitos?
9. E se trasladásemos un animal por unha patoloxía a unha clínica veterinaria?



TRANSPORTE DE CANS 1

Un criador de cans de caza pensa desprazarse desde Galicia (Lugo) con 20 deles para cazar ata Toledo na C. A. de Castela- A Mancha. Trátase de 17 animais adultos e 3 cachorros de 6 semanas (que non se acompañan das súas respectivas nais). O remolque mide 1,20 m de longo, 1 m de ancho e 1,10 m de alto e ten 2 niveis.

1. Cumpre os requisitos de densidade para os 20 animais?
2. Que documentación sanitaria e de identificación necesitan os animais?
3. Que animais se consideran aptos para o transporte?
4. Necesita poñer no remolque o sinal de transporte de animais vivos?
5. En caso de ter que poñer o dito sinal, en que lugar do remolque debería estar situado?
6. Se fose a unha clínica veterinaria cos cans, que requisitos debería cumprir para a devandita viaxe?
7. Se o traslado fose no seu vehículo e transportase unicamente un animal, que requisitos debería cumprir? En que zona/s e con que medios debería trasladar o can?
8. Poderíalle esixir a Garda Civil de tráfico a cartilla de vacinación e a vacinación antirrábica?



TRANSPORTE DE CANS 2

Un particular quere transportar para a súa venda 8 cachorros de can (4 bullmastiff de 7 semanas de idade e 4 caniches de 4 semanas de vida) e 3 pastores alemáns adultos, desde Lugo a Madrid, e facer unha parada en Valladolid. O vehículo ten 2 niveis.

1. Que tipo de sistema de separación (barras/cesta de transporte, etc.) necesita para realizar o desprazamento?
2. Que documentación/identificación necesitan os animais?
3. Son todos os animais aptos para este tipo de transporte?
4. Pode transportar os cans conxuntamente?
5. Necesita o vehículo un sistema de navegación GPS?
6. Necesita uns requisitos especiais para transportar os cans?
7. O remolque sofre unha avaría e decide enviar por unha empresa de transporte a 2 dos bullmastiff. Na empresa coméntanlle que estes animais polo seu perigo necesitan unhas condicións especiais. A que condicións se refiren?
8. Cambiarían as condicións/requisitos da viaxe se non houbo actividade comercial (venta)?
9. No caso de que o destino fose un país comunitario, que documentación necesitarían e que organismos a farían? E se fose un país non comunitario (terceiro)?



TRANSPORTE DE ABELLAS

Nun control rutineiro de estrada, a Garda Civil detén un remolque que transporta colmeas con abellas. O transportista declara que está a realizar unha transhumancia entre Estremadura e Galicia, carece de toda documentación e sorpréndese xa que, segundo el, ao seren as abellas animais invertebrados, non lles é de aplicación a normativa sobre transporte e benestar animal.

1. De acordo coa normativa europea (R 1/2005) e nacional (RD 542/2016) en materia de transporte de animais vivos, ten razón o transportista? En caso negativo, que documentación lle pode solicitar a Garda Civil polo tipo de transporte que realiza?
2. Respecto ás normas nacionais de sanidade animal (Lei 8/2003) e de apicultura (RD 209/2002), que documentación de identificación e traslado debe acompañar as abellas neste caso?
3. E se fose un movemento comercial de compra-venda no canto de transhumancia?
4. Considera o marco normativo a obriga de dispoñer dun plan de continxencia con recomendacións específicas para o caso de envorco e escape accidental das abellas?
5. Que recomendacións/obrigas ten o condutor respecto á carga que transporta?
6. Se se tratase dun movemento de transhumancia entre Pontevedra e A Coruña (dentro da CC. AA. de Galicia), que documentos se lle poderían solicitar?



TRANSPORTE DE ANIMAIS DE EXPERIMENTACIÓN 1

Para realizar varios experimentos con 50 ratas, 20 coellos e 10 porcos minipigs solicítase o traslado desde o animalario do Campus de Santiago de Compostela da Universidade de Santiago de Compostela(USC) ata a Facultade de Veterinaria de Lugo e ao animalario do Cebiovet.

1. Que normativa é de aplicación para este tipo de traslado?
2. Que identificación deben ter estes animais?
3. Que documentación debe acompañar o traslado?
4. Que características debe posuír o vehículo?
5. Que número de guías (GOSP) se necesitan para esta viaxe?
6. Quen é o responsable de emitir o documento de traslado?
7. Poden transportarse estes animais no mesmo vehículo?
8. Poderíanse facer as guías desde a OAC (oficina agraria comarcal) por parte dos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural?
9. Necesitan algún tipo de condicións especiais os animais de experimentación para o seu traslado?
10. Se a maiores se trasladasen para os procedementos experimentais animais CITES, que documentación necesitarían?
11. Unha vez acabado o procedemento coas ratas e baseándose no principio dos 3 erres, solicítase utilizar os cadáveres dos porcos para realizar un curso de laparoscopia. Estaría permitida esta posibilidade, e de existir, a quen se lle solicitaría a dita autorización? Hai algún tipo de excepcións que sexan de aplicación neste caso? Que normativa sería de aplicación?



TRANSPORTE DE ANIMAIS DE EXPERIMENTACIÓN 2

Para realizar un curso mixto de cirurxía experimental e ATLS (Apoio vital avanzado en trauma) no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU) e no Tecmeva (Tecnoloxías médicas de vangarda) trasládanse desde unha granxa clasificada como de ceba de porcino 10 animais ata os animalarios dos devanditos centros en dúas viaxes. A distancia entre os dous REGA non excede 50 km. O encargado do transporte ten o carné de categoría B e carece de certificado de competencia e de rexistro do remolque (superior a 750 km).


1. Que normativa ten que cumprir?
2. Que identificación deberán ter os animais?
3. Onde hai que solicitar esta actividade?
4. Cal é o número de guías que se necesitan para este transporte e quen as pode asinar?
5. Pódense utilizar estes animais para esta actividade ou deberían proceder especificamente dun centro de cría específico de experimentación animal?
6. Unha vez eutanasiados os animais, como se clasifican os cadáveres e como se destrúen?
7. Se o centro de destino está clasificado como de cría, é posible este movemento? E se estivese clasificado como centro subministrador?
8. Que validez tería a guía?



TRANSPORTE DE CAZA MAIOR

Como transportistas encárganos realizar unha viaxe para levar un lote de gamos adultos, machos e femias, desde unha granxa cinexética galega ata un couto de caza na Rexión de Murcia. Os machos están en época de muda, como se pode apreciar nas fotos, polo que, segundo o criterio do titular, elixiu este momento para o transporte xa que ao estaren sen cornos o seu manexo é máis sinxelo.

1. Aínda que a nosa documentación non especifica nin limita as especies para transportar, dadas as características do transporte, precisamos algunha autorización especial do transportista, do medio de transporte ou do certificado de competencia para poder realizar este encargo?
2. Que tipo de documentación sanitaria e de identificación necesitan os animais?
3. Os animais están aparentemente sans e non presentan feridas nin lesións. A pesar diso, que animais non son aptos para este transporte?
4. Que tipo de viaxe se realiza e que condicións se lle esixen ao camión?
5. Ao seren especies cinexéticas, afectaríalles a normativa SANDACH no caso de producirse a morte dalgún dos animais durante o transporte?



TRANSPORTE DE ANIMAIS DE ZOO

Queremos transportar un lote de animais que inclúe: 2 tigres, 1 cebra, 1 canguro e 5 merlos do Himalaia. A orixe será un zoolóxico galego e o destino outro zoo situado en Valencia que adquiriu estes exemplares.

1. Os animais considerados polo convenio internacional de protección da fauna e a flora (CITES) precisan dalgún documento legal para este movemento?
2. Que documentación sanitaria e de identificación necesitan estes animais?
3. Podemos transportar xuntas estas especies sempre que vaian en contedores apropiados?
4. Aféctalles a algunha destas especies a normativa de animais potencialmente perigosos ou ben esta refírese só á especie canina?
5. Nesta viaxe pódese aplicar o Regulamento 1/2005?
6. Os contedores nesta viaxe necesitan algunha indicación especial para o seu manexo?
7. É necesario que o condutor se acompañe dun plan de continxencia?
8. É obrigatorio para o transporte dos tigres levar anestésicos en previsión de calquera incidencia?
9. Se estes animais fosen dun circo cambiarían as condicións do transporte?



TRANSPORTE DE PEIXES

Envíanse 2000 troitas e 300 salmóns desde a piscifactoría do Veral da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a súa solta no río Eo (na fronteira co Principado de Asturias) para a repoboación do devandito río.

1. Necesita certificado de competencia o condutor do vehículo?
2. Que condicións se lle deben esixir ao vehículo?
3. Que tipo de documento de traslado se necesita para este desprazamento?
4. Que condicións sanitarias son necesarias para trasladar estes animais?
5. Se fosen especies CITES, cambiarían as condicións do traslado? Explique de que forma.
6. Poderíanse anestesiarse estas troitas?
7. Como se realizaría a limpeza e desinfección do vehículo?
8. Cambiarían os requisitos do transporte se no canto de troitas fosen peixes ornamentais?



ACCIDENTE NA ESTRADA

Quérese realizar o traslado de 800 coellos dunha explotación de Castroverde (Lugo) nun vehículo autorizado con destino a un matadoiro da integradora situado a 90 km da devandita granxa. Aproximadamente, a 20 km do punto de partida, debido ás inclemencias do tempo, prodúcese un accidente, e ao envorcar o camión morren 120 coellos por traumatismos e esmagamentos, quedan 60 gravemente feridos, escapan 35 e o resto dos animais non sofren ningún tipo de dano. Ante esta situación.

1. Cal é o procedemento estándar que se debe de aplicar no caso de accidente?
2. Enumere a que organismos se debería avisar e cales serían as súas competencias.
3. A quen lle corresponde a decisión de que facer cos animais vivos (ilesos e feridos)?
4. Indique todas as opcións posibles de traslado dos animais que se lle poidan expoñer ao condutor.
5. Quen debe facer a valoración do estado de saúde dos animais?
6. No caso de sacrificio, quen os podería eutanasiar e que métodos se recomendarían?
7. Que animais se poderían destinar ao consumo humano?
8. Quen se encargaría dos SANDACH?
9. Conteste as preguntas anteriores para un accidente doutras especies (porcos, vacas e cabalos).



**Supostos prácticos.
Requisitos de tráfico**

USO DO TACÓGRAFO¹ 1

Transporto 3 becerros desde A Fonsagrada ata un matadoiro de Lugo. O meu camión ten unha tara de 2.300 kg e unha MMA de 5.200 kg.

1. Teño que utilizar o tacógrafo?
2. E se traslado eses mesmos becerros ata unha feira en Santiago de Compostela?

USO DO TACÓGRAFO 2

Dispoño de dous vehículos. O meu primeiro vehículo é un camión dedicado ao transporte de mercadorías, con MMA de 10.000 kg, que realiza sempre transportes exentos do uso do tacógrafo².

O meu segundo vehículo é un pick up, clasificado, como vehículo mixto, furgón, camión, camión caixa aberta... En definitiva, un vehículo clasificado para o transporte de pasaxeiros e mercadorías, o cal ten unha MMA de 2.800 kg (polo tanto exento do uso do tacógrafo, e que non o trae instalado de orixe). De cando en vez engáncholle o meu remolque MMA de 750 kg, co fin de levar gando ao matadoiro que dista 60 km en liña recta.

Respecto do primeiro vehículo:

1. Como nunca uso o tacógrafo, teño que pasarlle a revisión?
2. En caso afirmativo, cada canto tempo?
3. Para non learme, podo quitarlle o tacógrafo ao camión? Teño que utilizar o tacógrafo?
4. E se traslado eses mesmos becerros ata unha feira en Santiago de Compostela?

Respecto do segundo vehículo:

1. Teño que instalarlle un aparello tacógrafo e facer uso del?
2. No caso de que fose obrigatorio o seu uso, cando poñerei o disco ou inserirei a tarxeta do condutor, ao pasar o límite do 50 km ou ao iniciar o servizo?

¹ Aplicación do Regulamento (CE) 561/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada, que modifica os regulamentos (CEE) 3821/85 e (CE) 2135/98 do Consello e derroga o Regulamento (CEE) 3820/85 do Consello e Real decreto 640/2007, do 18 de maio, que establece excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de condución e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada.

² Segundo o Regulamento CEE 561/2006 e Real decreto 640/2007.

TEMPOS DE CONDUCCIÓN E DESCANSO 1

Conduzo un vehículo, que segundo a normativa aplicable³ non se atopa dentro das excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de conducción e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada. Teño que transportar 8 touros bravos para lida desde un terreo na localidade de Dos Hermanas (Sevilla) ata a localidade de Sarria (Lugo). Tardamos dúas horas en cargar o camión e acondicionar os animais. O traxecto por estrada ten unha duración mínima de 11 horas.

1. Podo conducir durante 11 horas se paro para descansar e comer durante dúas horas, ademais das correspondentes paradas, dentro dunha xornada de conducción?
2. Cantas horas podo conducir de forma continua?
3. Cantas horas podo conducir cada xornada?



TEMPOS DE CONDUCCIÓN E DESCANSO 2

Se se define o tempo diario de conducción como o tempo acumulado total de conducción entre o final dun período de descanso diario e o principio do seguinte período de descanso diario ou entre un período de descanso diario e un período de descanso semanal. Conduzo un vehículo, que segundo a normativa aplicable non se atopa dentro das excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de conducción e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada.

1. Que é o descanso diario?
2. Que é o descanso semanal?
3. Cantas horas estou obrigado a descansar ao día?
4. Podo reducir o descanso diario? Estou obrigado a compensar as horas de redución?
5. Cantas horas estou obrigado a descansar á semana?
6. Cando debo iniciar o descanso semanal?
7. Podo reducir o descanso semanal? Estou obrigado a compensar as horas de redución?
8. Pódese reducir o descanso semanal dúas veces seguidas?

³ Regulamento (CE) 561/2006 e Real decreto 640/2007.

TEMPOS DE CONDUCCIÓN E DESCANSO 3

Conduzo un vehículo ou realizo un servizo incluído nas excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de condución e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada.

1. Conduzo, incluído nas exencións, só pola mañá e pola tarde realizo un servizo que non está exento, que debo facer?
2. Conduzo, incluído nas exencións, durante sete días e o seguinte día realizo un servizo que non está exento, que debo facer?

Certificado de Aptitude Profesional (CAP)

Vou de caza co meu Land Rover de 2000 kg de tara e 3500 kg de MMA e un remolque de menos de 750 de MMA. Transporte tres cans no devandito remolque, pero non levo ningún rótulo que indique que transporte “animais vivos”.

1. Nisto, párame a Garda Civil e pídeme o permiso de conducir e o CAP (Certificado de Aptitude Profesional)⁴. Teño obriga de levalo?
2. Como o remolque é dos denominados “lixeiros” e non transporto animais de granxa, estou no certo se alego ante os axentes que non preciso levar ningún cartel ou rótulo?
3. Poderían inmovilizarme o vehículo?
4. Imos supoñer que no canto de circular co citado Land Rover, fágoo cun vehículo para o que precise estar en posesión do CAP. De acordo coa normativa sinalada, en que data teño que estar en posesión do CAP?

⁴ Certificado Aptitude Profesional, regulado polo Real decreto 1032/2007.

Preguntas más frecuentes
sobre o transporte de animais por estrada

1. Cando é necesario autorizar un remolque para o transporte de animais vivos?
2. Cando é necesario ter o certificado de competencia e un plan de viaxe?
3. Quen pode sacrificar animais en caso de accidente?
4. En caso de morte dun animal durante o transporte, que se fai co cadáver?
5. Un remolque autorizado para transportar animais pódese utilizar para outros usos e viceversa?
6. Cando é necesario o certificado de limpeza e desinfección?
7. Que ocorre cun animal con deficiencias na súa identificación despois do seu transporte nun matadoiro ou mercado?
8. En caso de sacrificio dun animal durante o transporte, que procedemento é necesario para poder destinar o canal ao consumo humano?
9. Cada canto tempo é necesario renovar o certificado de competencia e a autorización do vehículo?
10. Se fixen o curso de acreditación para o transporte e aínda non teño o documento oficial que o acredita, podo transportar animais sen que me sancionen?
11. É válida unha fotocopia do certificado de competencia?
12. Que validez ten unha fotocopia compulsada do certificado de competencia?
13. Cando debo de cumprir a Lei de sanidade durante o transporte?
14. Que se entende como transhumancia estacional?
15. Que se entende como actividade comercial durante o transporte?
16. Cando debo rexistrarme na base de datos do Sirentra?
17. Para o transporte de animais domésticos débese autorizar o medio de transporte?
18. Está permitido o préstamo dos medios de transporte?
19. Cando é necesario ter un rexistro da actividade?
20. Que animais de produción se adoitan transportar polas súas características de forma específica?
21. O transporte de cans que formen unha manda enténdese como actividade económica?
22. Teñen que cumprir requisitos específicos as empresas de mensaxería que transporten animais vivos?

NAS SEGUINTE TÁBOAS MARQUE CUNHA CRUZ EN FUNCIÓN DA ESPECIE E O TIPO DE MOVEMENTO OS DOCUMENTOS NECESARIOS QUE DEBEN ACOMPAÑAR O DESPRAZAMENTO DOS ANIMAIS (Fonte: MAPAMA 2018):

MOVEMENTOS NACIONAIS

Especie	Autorización transportista	Autorización medio transporte	Documento movimiento	Guía sanitaria**	Talón desinfección	Documento identificación	Certificado de competencia (máis de 65 km)
Bovino							
Équidos							
Ovino, caprino, porcino							
Aves de curral							
Acuicultura*							
Abellas							
Resto de animais de produción (ex. coellos)							
Animais domésticos comercial							
Animais domésticos non comercial							

* Teñen que levar ademais os datos de mortalidade durante o transporte, explotación e cambios de auga.

** Naqueles casos nos que o movemento se realice dentro da mesma C. A. e se establecese unha excepción, non é obrigatoria levala.

*** Tense que levar un documento que acredite, con respecto aos animais, a súa orixe e o seu propietario ou titular, o lugar, data e hora de saída, o lugar de destino e a hora de chegada previstas.

MOVEMENTOS INTRACOMUNITARIOS

Especie	Autorización transportista**	Autorización medio transporte**	TRACES	Documento identificación	Caderno de a bordo en viaxes longas	Certificado de competencia (máis de 65 km)
Bovino e equino de produción						
Ovino, caprino, porcino						
Aves de curral						
Acuicultura*						
Abellas						
Resto de animais de produción						
Équidos non comercial						
Cans, gatos, furóns comercial						
Cans, gatos, furóns non comercial						
Resto de animais domésticos comercial						
Resto de animais domésticos non comercial						

* Teñen que levar ademais os datos de mortalidade durante o transporte, explotación e cambios de auga. As autorizacións do transportista e medio de transporte só se aplican a animais invertebrados.

** Se o transportista está autorizado en España, os requisitos de autorización do transportista e medio de transporte correspóndense co cadro de movementos nacionais.

Questionario

1. **A normativa básica da UE relativa á protección dos animais durante o transporte e operacións conexas é o:**
 - a. Regulamento n.º 1/2005
 - b. Regulamento n.º 639/2003
 - c. Regulamento n.º 1255/97
 - d. Regulamento n.º 1099/2009

2. **En España a norma legal relativa ao coidado dos animais nunha explotación, transporte, experimentación e sacrificio é a:**
 - a. Lei 32/2007
 - b. Lei 15/2003
 - c. Lei 53/2007
 - d. Lei 60/2003

3. **As siglas polas que se coñece o panel sobre saúde e benestar animal da EFSA son:**
 - a. Panel AMAW
 - b. Panel AHAW
 - c. Panel ARCH
 - d. Panel ARS

4. **A norma que regula a autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais en España é o:**
 - a. RD 542/2016
 - b. RD 752/2006
 - c. RD 751/2000
 - d. RD 75/20061

5. **Ao desprazamento de animais por estrada en Europa correspóndelle o:**
 - a. 90-99% do total
 - b. 90-91 % do total
 - c. 75-82% do total
 - d. 20-50% do total

6. **A persoa directamente encargada do BA dos animais aos que acompañan durante a viaxe é:**
 - a. O condutor especializado
 - b. O transportista
 - c. O coidador
 - d. O técnico de mantemento

7. **Un équido rexistrado é aquel que:**
- Está inscrito nun libro xenealóxico
 - Non está inscrito
 - Está rexistrado nun libro xenealóxico
 - Son correctas as respostas “a” e “c”
8. **Os centros de concentración son:**
- Unicamente lugares de saída
 - Nunca lugares de saída
 - Teñen que estar autorizados
 - Todas as respostas anteriores son falsas
9. **Un lugar de destino:**
- É onde se descarga un animal dun medio de transporte
 - É unicamente unha explotación
 - É unicamente un matadoiro
 - Todas as respostas anteriores son falsas
10. **O proxecto comunitario de identificación electrónica do gando vacún, ovino e caprino é:**
- O proxecto CATRA
 - O proxecto COST
 - O proxecto CCON
 - O proxecto IDEA
11. **De todas as opcións, cal é un punto de saída:**
- Unha explotación normal
 - Un posto de inspección fronteirizo
 - Un matadoiro
 - Todas as respostas anteriores son correctas
12. **O nome común da hipertermia no transporte é:**
- O golpe de frío
 - O golpe de calor
 - A morte do transporte
 - Todas as respostas anteriores son correctas

- 13. O golpe de calor depende principalmente de:**
- Cada animal
 - Tempo de exposición ao axente
 - Temperatura
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 14. Os mecanismos externos da perda de calor son:**
- A radiación
 - A conducción
 - A convección
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 15. A zona onde o animal non realiza gasto enerxético en termorregulación é:**
- A zona de confort térmico
 - A zona de termoneutralidade
 - A zona de condición hometérmica
 - Todas as respostas anteriores son falsas
- 16. Que factor intrínseco do animal inflúen no golpe de calor:**
- Auga en pouca cantidade
 - Espazo mal ventilado
 - Carencia de sombra
 - Cor da capa
- 17. Son respostas termorreguladoras para xerar calor:**
- O tremor e vasodilatación cutánea
 - A diminución do fluxo sanguíneo central
 - O tremor e vasoconstrición cutánea
 - Todas as respostas anteriores son verdadeiras
- 18. Son distraccións no arreo do gando os:**
- Charcos, desaugadoiros, superficie do piso e textura
 - Cambios de calor nas paredes de forma repentina
 - Distraccións de luz/sombra e rúidos
 - Todas as respostas anteriores son correctas

- 19. É moi útil para o arreo do gando porcino a utilización de:**
- Aguillóns
 - Paneis
 - Aguilladas de arrear máis de 5 segundos
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 20. Se un animal se lesiona durante o transporte:**
- Separarase do resto dos animais do grupo
 - Recibirá auxilios de emerxencia
 - Terá asistencia veterinaria coa máxima prontitude
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 21. A calidade da carne non se ve afectada se:**
- O animal non está estresado
 - O animal está descansado
 - As densidades son correctas
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 22. A hipertemia maligna no transporte require unha especial prevención no gando:**
- Equino
 - Ovino
 - Porcino
 - Vacún
- 23. As alteracións máis frecuentes por traumatismos no transporte son:**
- As contusións, feridas e luxacións
 - As hemorraxias e fracturas
 - O traumatismo cranioencefálico en équidos
 - Son correctas as respostas "a" e "b"
- 24. Durante a condución dos animais e para garantir a súa seguridade o transportista:**
- Freará de forma intermitente/brusca
 - Revisará a presión das rodas
 - Evitará brusquidades na condución e nos xiros
 - Son correctas as respostas "b" e "c"

- 25. O lugar de descarga dos animais**
- Estará protexido lateralmente
 - Terá o menos ruído posible e as rodas pouco escorregadizas
 - Estará ben informado
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 26. Para rexistrarse os centros de limpeza e desinfección:**
- Cumprirán a normativa vixente
 - Estarán autorizados pola autoridade competente
 - Nunca poderán autorizarse nunha ADS
 - Son correctas as respostas "a" e "b"
- 27. O RD relativo ás normas mínimas nas operacións de limpeza e desinfección para vehículos de transporte de animais é o:**
- RD 1559/2005
 - RD 1559/2008
 - RD 1659/2005
 - RD 1659/2008
- 28. O uso de camas no transporte será obrigatorio para o desprazamento de:**
- Leitóns de < de 10 kg
 - Cordeiros de < de 20 kg
 - Becerras de < de 6 meses
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 29. Que requisitos adicionais necesitan os vehículos de transporte para viaxes longas:**
- Teito de cor clara
 - Transporte de penso en cantidade abonda
 - Tanques de auga con capacidade polo menos 1,5% de carga útil máxima
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 30. O sistema de ventilación forzada nos vehículos para viaxes longas terá unha autonomía de funcionamento de:**
- 4 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
 - 5 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
 - 6 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
 - 7 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo

- 31. Para o cálculo da densidade de carga correcta necesítanse:**
- O número de animais e o peso da carga en quilogramos
 - A superficie total da que os animais poden dispoñer no vehículo
 - O fluxo de aire e a temperatura
 - Son correctas as respostas “a” e “b”
- 32. Os animais poderán realizar viaxes longas sempre que:**
- Se respecten os tempos de descanso
 - Se respecten as subministracións de alimentos
 - Viaxen con condutores autorizados
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 33. Nunha viaxe longa as horas máximas permitidas para porcos son:**
- 12 horas con subministración de auga permanente á disposición dos animais
 - 16 horas con subministración de auga permanente á disposición dos animais
 - 18 horas con subministración de auga permanente á disposición dos animais
 - 24 horas con subministración de auga permanente á disposición dos animais
- 34. O sistema de navegación por satélite para os vehículos de viaxes longas é obrigatorio para todos os vehículos a partir do ano:**
- 2008
 - 2009
 - 2010
 - 2015
- 35. As autorizacións que conceden as autoridades competentes para vehículos e transportistas teñen unha validez de:**
- 6 anos
 - 5 anos
 - 2 anos
 - Indefnida
- 36. O caderno de a bordo ou folla de ruta é obrigatorio para:**
- Viaxes curtas de équidos rexistrados
 - Viaxes curtas de bovinos de < de 1 ano
 - Viaxes longas
 - Todas as respostas anteriores son correctas

- 37. O rexistro xeral de transportistas, contedores e medios de transporte de animais a nivel nacional é o:**
- Sirentra
 - Simogán
 - Simoporc
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 38. Un transportista, segundo a Lei de sanidade (8/2003), ten obriga de levar no transporte:**
- Un libro de rexistro
 - Un libro de tratamentos
 - Un sistema de contención dos animais
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 39. Un transportista de gando pode conducir de forma continua sen facer descansos:**
- O mesmo tempo que se lles permita aos animais que transporta
 - 24 horas máximo
 - 12 horas mínimo
 - Todas as respostas anteriores son incorrectas
- 40. Na actualidade podemos afirmar que a entidade coñecida como OIE:**
- É a Organización Mundial de Sanidade Animal
 - É a Organización Internacional de Epizootias
 - Ten a súa sede en París
 - Son correctas as respostas "a" e "c"
- 41. O sitio onde se descarga un animal dun medio de transporte e se alberga polo menos 48 horas antes de volver saír, ou se sacrifica:**
- Lugar de destino
 - Lugar de control unicamente
 - Lugar de saída unicamente
 - Lugar de intercambio
- 42. Un remolque é un medio de transporte:**
- Destinado a ser enganchado a un automóbil unicamente
 - Destinado a ser enganchado a un tractor unicamente
 - Destinado a ser enganchado a outro remolque
 - Todas as respostas anteriores son incorrectas

- 43. A definición de “viaxe” inclúe:**
- A descarga en puntos intermedios
 - A carga en puntos intermedios
 - A operación completa do transporte
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 44. O ámbito de aplicación do R (CE) nº 1/2005 inclúe:**
- Cans e gatos domésticos
 - Cans e gatos salvaxes
 - Cans domésticos e gatos salvaxes
 - Todas as respostas anteriores son correctas
- 45. O maltrato dos animais no Código Penal español reflíctese no artigo:**
- 337
 - 537
 - 437
 - 333
- 46. Durante o transporte as femias leiteiras deben muxirse polo menos cada:**
- 3 horas
 - 6 horas
 - 12 horas
 - 24 horas
- 47. Cando se ate un animal, as ataduras débenlle permitir:**
- Saltar
 - Brincar e coucear
 - Deitarse e alimentarse
 - Todas as respostas anteriores son incorrectas
- 48. O tempo máximo de viaxe para vacúns, ovinos e caprinos adultos sen descanso é de:**
- 8 horas
 - 12 horas
 - 14 horas
 - 24 horas

49. **Durante a viaxe de aves de curral e coellos domésticos é necesario subministrar comida e auga en suficiente cantidade, salvo en viaxes de duración menor de:**
- 8 horas sen contar o tempo de carga e descarga
 - 12 horas sen contar o tempo de carga e descarga
 - 16 horas sen contar o tempo de carga e descarga
 - 24 horas sen contar o tempo de carga e descarga
50. **Ante un accidente de circulación débese seguir o procedemento coñecido polas siglas:**
- PAS
 - PES
 - PROS
 - SPA
51. **En caso de parada de emerxencia do vehículo na estrada, o triángulo de sinalización colocárase:**
- Entre 5 e 10 metros
 - Entre 10 e 20 metros
 - Entre 1 e 5 metros
